PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2016 16:38
Nº Rexistro: 1852
Data envio: 30/11/2016 16:38:14.247

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do deputado **Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galiza, con número de rexistro **352 (10/PNC-000001)**, sobre a demanda polo Goberno central da continuación dos trámites necesarios para a construción do proxecto denominado "Saída sur ferroviaria da cidade de Vigo" co desvío do paso do tren polo centro do Porriño, que figura na orde do día da Comisión 2ª, que se celebrará o vindeiro 1 de decembro de 2016.

Emenda de adición:

Engadir un novo punto na parte resolutiva:

"Demandar que esta nova infraestrutura teña prestacións de alta velocidade e que se coordine co goberno portugués."

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2016

Asdo.: **Xosé Luis Bará Torres**
Deputado do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2016 16:38
Nº Rexistro: 1852
Data envio: 30/11/2016 16:38:14.247

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 30/11/2016 16:36:05

Ana Pontón Mondelo na data 30/11/2016 16:36:13

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2016 17:43
Nº Rexistro: 1856
Data envio: 30/11/2016 17:43:34.178

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa da Comisión 2.ª,
Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da súa deputada **Patricia Vilán Lorenzo,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co proxecto de instalación dun vertedoiro no concello de Lousame (10/PNC-000066, doc. núm. 789)

Emenda de modificación

Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Paralizar o proxecto en Lousame ou en calquera outro punto da Comunidade Autónoma de Galicia, denegando o permiso pertinente da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio se non se cumpren os requisitos legais e medioambientais necesarios.
2. Mudar o sistema Sogama de tratamento de lixo, tanto industrial coma urbano, por ser un sistema anticuado, ineficaz e altamente contaminante, por unha nova política baseada na redución, reutilización e reciclaxe, impulsando a compostaxe."

Pazo do Parlamento, 30 de novembro de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2016 17:43
Nº Rexistro: 1856
Data envio: 30/11/2016 17:43:34.178

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/11/2016 17:41:01

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/11/2016 17:41:08

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2016 18:06
Nº Rexistro: 1857
Data envio: 30/11/2016 18:06:49.578

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa do deputado **Martín Fernández Prado**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Comisión, 10/PNC-000001, (352) Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da continuación dos trámites necesarios para a construción do proxecto denominado "Saída sur ferroviaria da cidade de Vigo" co desvío do paso do tren polo centro do Porriño.

Emenda de Substitución:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno Central para que continúe traballando na mellora da conectividade ferroviaria de Galicia e, en particular, co Goberno portugués para coordinar a implantación da alta velocidade na liña Vigo-Porto."

Santiago de Compostela a 30 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/11/2016 18:05:33

Martín Fernández Prado na data 30/11/2016 18:05:55

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2016 18:09
Nº Rexistro: 1858
Data envio: 30/11/2016 18:09:40.267

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa do deputado **Martín Fernández Prado**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Comisión, 10/PNC-000066 (789), Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co proxecto de instalación dun vertedoiro no concello de Lousame.

Emenda de Substitución:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que vele polo cumprimento estrito da legalidade vixente en materia ambiental durante toda a tramitación do procedemento de autorización ambiental dun centro de xestión ambiental para Lousame".

Santiago de Compostela a 30 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/11/2016 17:50:36

Martín Fernández Prado na data 30/11/2016 17:51:08

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2016 18:16
Nº Rexistro: 1859
Data envio: 30/11/2016 18:16:58.910

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Marcos Cal Ogando** e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **EMENDA de ENGÁDEGA** á Proposición non de lei doc. núm. **929 (10/PNP-000082),** do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, relativa a un modelo de mobilidade e seguranza viaria nas estradas da Xunta de Galicia, que está incluída na orde do día da sesión que a Comisión 2.ª vai celebrar o xoves 1 de decembro de 2016.

EMENDA DE ENGÁDEGA

Débese engadir ao final da parte resolutiva o seguinte:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

- Á creación de rondas urbanas nas vías que teñan un IMV (intensidade media de vehículos) superior a 10.000 nas travesías ou teñan especial relevancia o tráfico pesado nas mesmas. Nas travesías que non se xustifique economicamente unha nova infraestrutura faranse medidas de calmado de tráfico e seguranza viaria e estudarase limitar a velocidade a 30km/h como garantía de seguranza a peóns e ciclistas como recomenda a DXT, sobre todo alí onde exista un centro de saúde, de ensino ou calquera dotación pública de gran afluencia peonil.

- Ao mantemento e creación de beiravía transitable cunha sección de 1,5 metros nas estradas con limitación superior a 50km/h para mellorar a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2016 18:16
Nº Rexistro: 1859
Data envio: 30/11/2016 18:16:58.910

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

seguranza de peóns e ciclistas nas vías con titularidade da Xunta de Galicia.”

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2016.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Deputado do GP de En Marea

Antón Sánchez García

Voceiro suplente do GP de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 30/11/2016 18:15:41

Antón Sánchez García na data 30/11/2016 18:15:49